

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2024/25, convocada pola resolución do 11 de xuño de 2024 (Diario Oficial de Galicia n.º 119, do 20 de xuño)

No Diario Oficial de Galicia núm. 113, do 14 de xuño de 2018, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B).

Así mesmo, no Diario Oficial de Galicia n.º 119, do 20 de xuño de 2024, publicouse a Resolución do 11 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2024/25 entre o persoal docente dos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, os que resultan desprazados por falta de horario, o persoal a quen se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, o persoal interino e substituto e o persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso ao servizo activo (código de procedemento ED002B).

No apartado terceiro da dita resolución establécese que "As relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos, por lista única cando proceda e por especialidades e orde de prioridade, publicaranse no portal desta consellería, <https://www.edu.xunta.gal/>, o 9 de xullo de 2024".

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer públicas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2024/2025 (Anexo I-Primaria, e Anexo II-Secundaria e outros), convocada pola resolución do 11 de xuño de 2024 (DOG n.º 119, do 20 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade, orde de prioridade e por colectivo.

Segundo. Conceder, de conformidade co apartado terceiro da dita resolución de convocatoria, un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións.

Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva de persoal docente que ten a obriga de participar cuxa data prevista de publicación é o 26 de xullo de 2024.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

